



Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se publican as adxudicacións provisionais de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza convocados pola Resolución do 11 de xaneiro, da Dirección Xeral de Xustiza

O 11 de xaneiro de 2024 publicouse na intranet de Xustiza e máis na web da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a Resolución do 11 de decembro, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza.

O punto terceiro da dita resolución establece que o prazo de presentación de solicitudes é de cinco días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria (do 12/01/2024 ata o 18/01/2024).

Vistas as solicitudes presentadas e de conformidade co establecido no artigo 11 da Resolución do 21 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se establecen criterios para a cobertura de postos de traballo mediante comisión de servizos no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia,

RESOLVO

Primeiro.- Facer públicas, no Anexo I da presente resolución, as puntuacións obtidas por cada participante da convocatoria así como a listaxe de persoas excluídas e a causa da súa exclusión.

Segundo.- Aprobar e facer pública, no Anexo II da presente resolución, a listaxe das adxudicacións provisionais.

Terceiro.- De conformidade co artigo 11 da Resolución do 21 de marzo de 2022, as persoas interesadas poderán formular reclamacións no prazo de 3 días hábiles contado desde a publicación desta resolución na intranet de Xustiza e mais na web da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





ANEXO I

PUNTUACIÓNS OBTIDAS POLAS PERSOAS CANDIDATAS AO POSTO DE XEFE/A DE SERVIZO DE ÁREA DE CLÍNICA MÉDICO-FORENSE

NOME E APELIDOS	MÉRITOS XERAIS	MÉRITOS ESPECÍFICOS	PUNT. TOTAL
Olaya Martínez López	24,05	8,80	32,85

PUNTUACIÓNS OBTIDAS POLAS PERSOAS CANDIDATAS AO POSTO DE XEFE/A DE SECCIÓN ÁREA DE CLÍNICA MÉDICO-FORENSE

NOME E APELIDOS	MÉRITOS XERAIS	MÉRITOS ESPECÍFICOS	PUNT. TOTAL
Juan Antonio González Fontán	44,33	29,20	73,53





ANEXO II

LISTAXE PROVISIONAL DE POSTOS ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS DO POSTO DE XEFE/A DE SERVIZO DE ÁREA DE CLÍNICA MÉDICO-FORENSE

Posto:	Xefe/a de servizo de Área de Clínica Médico-Forense.
Centro de destino:	Instituto de Medicina Legal de Galicia. Subdirección Territorial de Santiago de Compostela
Código do posto:	XG9251820015770310.03
Adxudicatario/a:	Olaya Martínez López

LISTAXE PROVISIONAL DE POSTOS ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS DO POSTO DE XEFE/A DE SECCIÓN ÁREA DE CLÍNICA MÉDICO-FORENSE

Posto:	Xefe/a de sección Área de Clínica Médico-Forense
Centro de destino:	Instituto de Medicina Legal de Galicia. Subdirección Territorial de Pontevedra
Código do posto:	XG9251820036001308.04
Adxudicatario/a:	Juan Antonio González Fontán

